



Rúa Aira do Fonsillón nº4
32005 Ourense
Teléfono: 988 24 20 00
www.luisvivesourense.com
info@luisvivesourense.com

Proxecto

Xornada Continua

Ed. Infantil e Ed. Primaria.



R/ Aira do Fonsillón, nº 4-32005 Ourense

988242000- info@luisvivesourense.com

www.luisvivesourense.com



Rúa Aira do Fonsillón nº4
32005 Ourense
Teléfono: 988 24 20 00
www.luisvivesourense.com
info@luisvivesourense.com

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. XUSTIFICACIÓN

3. OBXECTIVOS

4. HORARIOS

4.1. Horarios Xerais

4.2. Horarios lectivos

4.3. Horario de Servizos Complementarios

5. PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES NO HORARIO DE TARDES

5.1. Actividades gratuítas

5.2. Actividades extraescolares-Mouxion

6. TÁBOAS RESUMO DAS XORNADA DE TARDES



1. INTRODUCCIÓN

Desde hai anos a comunidade educativa do colexio Luís Vives está demandando un cambio de horario da xornada escolar nas etapas de Ed. Infantil e Ed. Primaria que se adapte ás necesidades da maioría das familias, preservando en todo caso, a calidade no servizo educativo que se ofrece.

Estamos a comprobar como a conciliación coas obrigas laborais das nosas familias requiren dunha xornada única de mañá, que facilite a recollida dos fillos paralela ao horario de saída laboral das familias.

Na actual xornada mixta do centro, o alumnado de menor idade entra ás 9:10 e sae ás 13:15, horario que non é compatible no eido actual coa maioría das xornadas laborais.

No ano 2009 e por maioría do censo de familias o colexio modifica a súa xornada, pasando a Xornada Mixta nas etapas de Ed. Infantil e Ed. Primaria, con dúas tardes sen horario lectivo, na que se concentran a oferta de actividades extraescolares do centro.

Esta modificación da xornada foi especialmente ben acollida polas familias, atendendo a diferentes compatibilidades laborais segundo os días, a necesidade ou non de comedor escolar en diferentes días, (non necesariamente en todos), e conseguindo que a oferta de extraescolares do colexio non excedan ningún día da franxa horaria das 17:00 h., sendo compatible con outras ofertas de fóra do centro (clubes deportivos, actividades relixiosas, conservatorios de música...) e tamén non alongando a xornada de estudo dos alumnos nos fogares.

A inicios deste curso 2020-2021, e debido á situación sanitaria provocada pola pandemia, a ANPA do centro, solicita se valore a modificación da xornada de xeito excepcional por este curso, solicitude aceptada en Consello escolar, aprobada de xeito unánime no Claustro e transmitida á inspección educativa.

A finais de setembro de 2020, e de xeito excepcional co fin de minimizar os riscos de contaxio evitando aglomeracións na entrada/saída, reducindo as mesmas, a Xefatura Territorial da Consellería de Educación aproba esta modificación da xornada, pasando o centro a Xornada Continua de mañá nas tres etapas educativas no curso actual.

A pesar de que a modificación se produce de xeito precipitado a finais de setembro, días antes do comezo do mes de outubro, o que supuxo reorganización pedagóxica (horarios) e de conciliación familiar da maior parte das familias, dende o primeiro momento de incorporación desta xornada única, as familias de todas as etapas transmiten a titores, centro e directamente a este Equipo Directivo, a súa conformidade, agradecemento e benestar, non só pola situación sanitaria, senón tamén polo axuste horario que beneficia a moito alumnado (tardes máis liberadas) e tamén máis compatible coa entrada-saída laboral de moitas familias.

Un exemplo podería ser que familias con irmáns en etapas distintas (ESO/EP) vense beneficiadas cunha única entrada-saída para ambos irmáns pois a diferenza horaria entre eles é de 15 minutos, tempo no que o centro oferta unha atención gratuíta para estes irmáns, conciliando así a vida familiar.



Rúa Aira do Fonsillón nº4
32005 Ourense
Teléfono: 988 24 20 00
www.luisvivesourense.com
info@luisvivesourense.com

Temos que engadir tamén, como dato relevante sobre ás familias as que podemos ofertar a nosa labor de ensino, que na observación recente realizada polo centro dos colexios veciños cos que compartimos zona de influencia, todos eles presentan xornada continua, e a lo menos no curso actual, estes centros acolleron un maior número de alumnado no 4º curso de Infantil.

É esta tamén unha das razóns que fai barallar a esta cooperativa de ensino que as familias da nosa zona de influencia precisan este tipo de horario lectivo, que poida ser compatible coa súa xornada laboral, evitando varios desprazamentos no día ao colexio, ou incluso evitando o uso de transporte escolar.

Ademais a oferta de actividades dos Concellos limítrofes (S Cibrao, Barbadás...) aos que pertencen a maior parte do noso alumnado, posúen unha disposición horaria pensada nos centros da zona con xornada continua e tardes sen horario lectivo, polo que esta oferta impide o acceso ás mesmas para o alumnado do centro que se ve limitado pola xornada lectiva obrigatoria de tardes no colexio.

Por todo isto, o Equipo Directivo e o Consello Reitor desta cooperativa, conscientes das circunstancias excepcionais que vivimos e que nos levaron a modificar esta xornada, e valorando as opinións de familias e docentes na práctica diaria da mesma, decidimos solicitar formalmente o cambio de xornada lectiva no centro, pasando á Xornada Continua nas etapas de Ed. Infantil e Ed. Primaria, de cara aos vindeiros cursos.

Neste proxecto recolleemos a proposta organizativa dos horarios e actividades. Ofreceremos un horario lectivo de mañá, e para aquelas familias que o precisen, contaremos coa posibilidade de dispor dun horario de tarde nunha proposta de actividades extraescolares con profesionais de diferentes ámbitos e disciplinas deportivas e culturais, e unha oferta de actividades de atención por parte do profesorado do centro.

O centro entendemos que esta será unha maneira completa de dar resposta ás necesidades das familias nos novos tempos, convencidos de que non constituirá unha perda de calidade educativa, se non que nos ofrecerá a oportunidade de novas alternativas educativas que conxuguen educación e conciliación da vida familiar e laboral.

2. XUSTIFICACIÓN

A Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá o mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados recoñece a demanda dos centros da comunidade autónoma para que se lles autorice o cambio do tipo de xornada lectiva.

En dita orde establécese o procedemento que serve de canle para que aquelas comunidades educativas que así o desexen poidan solicitar a oportuna implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá, no marco dun proxecto educativo contextualizado no contorno e de acordo cos requisitos que se establecen, orientados a garantir o amplo consenso da comunidade educativa por unha banda e o desenvolvemento integral do alumnado por outra, sen que tal medida supoña incremento do gasto público da Consellería de Educación.

Entre os motivos que tanto o Equipo Directivo como Consello Reitor, como titularidade desta cooperativa de ensino, consideramos para realizar a solicitude de cambio de xornada lectiva destacamos:

- A xornada continua posibilita a mellora do aproveitamento do tempo escolar, ao integrar as horas lectivas do alumnado de menor idade, nun intervalo temporal sen rupturas, facilitando o traballo interdisciplinar.

- A xornada continua favorecerá a oferta de actividades gratuítas e voluntarias fóra da xornada lectiva impartidas polos profesores do centro, que, motivados por intereses/capacidades/ámbitos afíns, achegarán ao alumnado de todas as idades unhas actividades motivadoras que enriquezan a súa aprendizaxe tamén fóra do horario lectivo.

- Favorece a participación do alumnado en actividades extraescolares con profesionais cualificados en diferentes artes e disciplinas deportivas, no propio centro, evitando outros desprazamentos, nunha oferta máis ampla dispoñendo de máis días para a súa impartición.

- Facilita o desenvolvemento doutras actividades grupais, impartidas tamén por profesorado do centro, co alumnado con intereses comúns pero diferentes grupos-clase, o que dificulta a súa interrelación dentro da xornada lectiva (clubes de lectura-radio escolar....). Actividades xa en funcionamento na actualidade, con dificultade por incompatibilidade horaria e de grupos, que con oferta de tardes común (profesorado/alumnado) fomentará a interrelación voluntaria fóra da xornada, potenciando habilidades sociais, comunicación intergrupala e intelixencia emocional.

- O acceso ás actividades que os concellos e as institucións da contorna ofertan vese facilitado dispoñendo as nosas familias de máis días semanais e horas posibles para acceder a estas opcións.

- Todo o alumnado, e especialmente o alumnado con NEE ten a posibilidade de dispoñer dun intervalo de tempo máis amplo, polas tardes, no que poden compaxinar actividades lúdicas, con outras de estimulación e enriquecemento (terapias, asociacións, gabinetes....)

- A conciliación familiar verase favorecida tamén en moitos casos, pois a maior parte das xornadas laborais dos proxenitores son de mañá, polo que as tardes poden desfrutarse por completo en familia. Incluso as familias con xornadas laborais a turnos, ven facilitada a súa interrelación, pois a tarde pode desfrutarse en familia na súa totalidade, reducindo desprazamentos ao centro ou recollidas en diferentes zonas horarias segundo a idade do alumnado.

3. OBXECTIVOS

- Favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe para que redunde nunha optimización da resposta educativa do centro.
- Posibilitar un tempo de calidade para o estudio dos alumnos e o traballo complementario dos profesores.
- Educar para o ocio e o tempo libre nunha sociedade onde isto é cada vez máis importante.
- Potenciar a educación integral do alumnado traballando outro tipo de destrezas e habilidades non suficientemente contempladas no curriculum.
- Favorecer tempos de renovación pedagóxica do profesorado.
- Ampliar a oferta de actividades extraescolares programando máis actividades gratuítas accesibles a todo o alumnado sen que exista discriminación por razóns económicas.
- Facilitar que o alumnado poidan participar en actividades organizadas por outras institucións ou outros servizos.
- Cumprir coa normativa da Consellería no que respecta á xornada lectiva total de cada etapa educativa. (sesións lectivas de mínimo 50 minutos)
- Establecer un plan específico de actividades extraescolares.
- Manter os períodos actuais adicados á formación do profesorado e reunións.
- Garantir a atención axeitada a alumnado e familias.

4. HORARIOS

4.1. Horario Xeral

Ed. Infantil e Ed. Primaria

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:45 13:45	Xornada Lectiva	Xornada Lectiva	Xornada Lectiva	Xornada Lectiva	Xornada Lectiva
13:45 15:15	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor	Comedor
15:15 16:15 17:15 18:15	Actividades Extraescolares Obradoiros co profesorado	Actividades Extraescolares Obradoiros co profesorado	Actividades Extraescolares Obradoiros co profesorado	Actividades Extraescolares Obradoiros co profesorado	Actividades Extraescolares Atención profesorado

4.2. Horario Lectivo

Os horarios lectivos permanecerán sen modificacións durante o curso escolar, dende setembro ata xuño ambos inclusive.

Ed. Infantil

1ª hora	8:45 - 9:45
2ª hora	9:45 - 10:45
3ª hora	10:45 - 11:35
RECREEO	11:35- 12:05
4ª hora	12:05 – 12:55
5ª hora	12:55- 13:45

Ed. Primaria

1ª hora	8:45 - 9:45
2ª hora	9:45 - 10:45
3ª hora	10:45 - 11:35
RECREEO	11:35- 12:05
4ª hora	12:05– 12:55
5ª hora	12:55- 13:45

4.3. Horario de SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

A oferta de servizos complementarios indicada neste proxecto refire só ás etapas de Infantil e Primaria. (A oferta de servizos na etapa de ESO seguirá a ser a mesma)

TRANSPORTE
8:15-8:45
13:45-14:15

MADRUGADORES
07:15 - 8:45 *

No caso de precisar o servizo de madrugadores antes das 7:15 requirirá inscrición previa no mes anterior.

*O servizo de madrugadores será gratuíto para o alumnado de Infantil e Primaria con irmáns na etapa de ESO, na franxa horaria de diferenza de entrada entre ambas xornadas lectivas (8:25-8:45), facilitando ás familias unha única entrega de fillos-as no centro.

COMEDOR
Franxa de recollida dende as 14:45 ata as 15:15

ACOMPAÑAMENTO SAÍDA ESCOLAR **
13:45-14:10

**Este servizo gratuíto só estará dispoñible para o alumnado de Infantil e Primaria con irmáns na etapa de ESO, todos os días, para cubrir a franxa horaria de diferenza de saída entre as etapas. (25 minutos)

XORNADAS DE TARDE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES e/ou OBRADOIROS CO PROFESORADO (de outubro a xuño) (Todos os días)
15:15-16.15
16:15-17:15

CHIQUIHORA (de outubro a xuño)
Hora de recollida tardía no centro que se ofertará por Mouxion en franxas horarias segundo as necesidades das familias ao finalizar as actividades extraescolares.
17:15-18:15



5. PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES NO HORARIO DE TARDE

A xornada continua de mañá permitirá ao centro ofertar unha ampla variedade de actividades extraescolares voluntarias para o alumnado e as familias.

Estas actividades serán de dous tipos:

1. Gratuítas (ofertadas polo centro, organizadas e impartidas polo profesorado e ou monitores do propio centro educativo.)
O centro ofertará obradoiros temáticos organizados e dirixidos polos profesores do centro (creativos, literarios, de construcións, musicais...)
As actividades organizadas polo centro non requirirán dun número mínimo de alumnado para o seu desenvolvemento, levaranse a cabo sempre.
O profesorado do centro avaliará a evolución do alumnado mantendo informada ás familias de calquera tipo de incidencia.
2. De pago (ofertadas e xestionadas pola empresa de actividades extraescolares coa que colabora xa o centro Mouxion ou pola Asociación de Pais e Nais do colexio)
As actividades extraescolares ofertadas por Mouxion ou pola ANPA do centro requirirán un mínimo e máximo de participantes para poder levarse a cabo.
A empresa de extraescolares valorará a evolución dos participantes comunicándose de xeito fluído coas familias a través de medios telemáticos, e ofertando presentacións e actividades de exhibicións en diferentes ocasións, para que as familias poidan escoller segundo os seus gustos e capacidades estas actividades.

A organización e distribución semanal en ambos casos dependerá do número de alumnado inscrito dado o seu carácter voluntario.

O Colexio ofertará unha distribución de luns a venres dende outubro ata xuño (ambos inclusive), dando o mes de setembro como marxe para a inscrición previa nas mesmas.

A elección das actividades será libre e voluntaria, aínda que, por suposto, conlevará un compromiso expreso das familias en canto á asistencia dos seus fillos unha vez iniciadas.

5.1. ACTIVIDADES GRATUÍTAS

A oferta de actividades organizadas e xestionadas polo **profesorado do centro** será do seguinte xeito:

- Cada día o obradoiro será distinto, para que o alumnado dispoña de diferentes e interesantes opcións.
- O alumnado poderá escoller unha ou dúas horas diarias, segundo as súas necesidades e para que non sexa incompatible coa oferta de actividades extraescolares non gratuítas.
- Para a previsión de aforo e espazos, as actividades gratuítas tamén precisarán preinscripción previa online.
- Os venres non haberá obradoiros, pero sí actividades lúdicas e espazo de lecer con docentes do centro.
- **En xuño e setembro publicaríase o nome de cada obradoiro por días para que o alumnado e familias poidan planificar a súa asistencia con previsión.**

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
15:15 16:15	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Actividades Lúdicas.
	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	
	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	Espazo de lecer.
	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	
16.15 17.15	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Actividades Lúdicas.
	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	
	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	Espazo de lecer.
	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	

Estes obradoiros permitirán a participación voluntaria de alumnado de diferentes grupos-clase, en diferentes tempos e temáticas segundo a evolución do curso e a demanda do alumnado polos seus propios intereses e motivacións.

Estes obradoiros estarán organizados por grupos de profesorado do centro que unificarán intereses comúns para ofertar por mes/trimestre ás familias a opción voluntaria e gratuítas destes obradoiros.

Algunhas destas actividades xa se atopan en funcionamento (clubes de lectura, radio escolar...), pero é interese do centro, promover a dinámica doutras actividades sempre gratuítas, que se organicen de xeito temporal como obradoiros, segundo a preinscripción do alumnado en cada unha delas.



- Obradoiros de títeres, contacontos, monólogos...
- Obradoiro social (equipo de voluntariado social, en coordinación coas entidades do contorno).
- Obradoiro ecolóxico e paisaxístico (creación de horto escolar).
- Obradoiro de tertulia literaria (nos catro idiomas ofertados no centro).
- Clube de ciencias.
- Obradoiro matemático.
- Obradoiro tecnolóxico (robótica, tics...)
- Obradoiro deportivo (para coñecer deportes alternativos non ofertados pola empresa de extraescolares)
- Obradoiro de xogos, instrumentos tradicionais.
- Obradoiros creativos (manualidades, creación de disfraces, abalorios...)
- Obradoiro de relaxación e mindfulness
- ...

5.2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES MOUXION

A oferta de extraescolares da empresa abarcará o seguinte horario:

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (de outubro a xuño)	
INFANTIL E PRIMARIA	15:15-17:15 (a diario)

As actividades funcionarán con inscrición previa no mes de setembro e sempre cun grupo mínimo e máximo de alumnado en cada unha para un correcto funcionamento das mesmas.

No caso de que o número non sexa suficiente para o desenvolvemento dunha determinada actividade, ésta non poderá levarse a cabo. Polo contrario se o número de alumnos excede da cantidade de prazas ofertadas, estudarase a posibilidade de realizar outro grupo, se non fora posible, a selección do alumnado que participará na actividade realizarase por estrito orde de inscrición.

O custo das actividades será xestionado pola empresa, na actualidade é de 19€ mensuais por actividade, cun desconto para as familias da ANPA.

Entre a oferta de actividades que a empresa pretende lanzar ás familias das tres etapas educativas destacamos:

ACTIVIDADES	ETAPA
Patinaxe	INF EP ESO
Axedrez	INF EP ESO
Zumba- Zumba Kids	INF EP ESO
Baile Moderno	INF EP ESO
Iniciación Ximnasia rítmica	INF EP
Música e movemento	INF
Multideporte	INF
Teatro	INF EP ESO
Expresión Artística	INF EP
Smart English	INF
Fun in English	EP
English Playland	EP
Deseño gráfico	ESO
Danza do ventre	ESO
Lingua de signos	ESO
Defensa persoal	ESO
Robótica	EP ESO
Circo	INF EP
Canta e Xoga	INF
Preparación Inglés- Trinity	ESO
Hip Hop	ESO
Iniciación á Fotografía	ESO
Imaxe e Son	ESO
Clube deportivo Luís Vives Fútbol Baloncesto Tenis Axedrez Kung fú	INF EP ESO



Rúa Aira do Fonsillón nº4
32005 Ourense
Teléfono: 988 24 20 00
www.luisvivesourense.com
info@luisvivesourense.com

Todas as actividades extraescolares desenvolveranse por monitores cualificados e avalados pola empresa que xestiona as actividades Mouxion.

Os monitores responsables das actividades encargaranse da recepción do alumnado ao inicio da actividade e coidarán dos alumnos ata a finalización da mesma

O alumnado será entregado polos monitores na seguinte actividade da xornada de tarde ou directamente ás familias ao finalizar a propia actividade, sempre polo mesmo espazo exterior para evitar aglomeracións e cruce de familias entre as actividades. Os espazos de entrega serán programados e informados ás familias con antelación.

A puntualidade nas actividades será fundamental, cunha marxe de cinco minutos para a entrada/saída das mesmas.

A responsabilidade sobre o alumnado por parte dos profesores e/ou monitores finalizará ao concluir a actividade.

A empresa Mouxion ofertará tamén un servizo de “gardería” para as familias que así o precisen e que funcionará de xeito fraccionado durante o tempo que sexa necesario por parte de cada usuario.

CHIQUIHORA (de outubro a xuño)

Hora de recollida tardía no centro que se ofertará en franxas horarias segundo as necesidades das familias ao finalizar as actividades extraescolares.

17:15-18:15

Así mesmo, a ANPA do Colexio poderá ofertar outras actividades na xornada de tardes, organizadas pola mesma asociación e sempre que a participación do alumnado sexa mínima para a súa realización, non sendo incompatibles coa oferta de actividades promovida pola empresa de extraescolares.



Rúa Aira do Fonsillón nº4
32005 Ourense
Teléfono: 988 24 20 00
www.luisvivesourense.com
info@luisvivesourense.com

6. TÁBOAS RESUMO DA XORNADA DE TARDES

Ed. INFANTIL E Ed. PRIMARIA

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
15:15 16:15	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Actividades Lúdicas Espazo de lecer
	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	
	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	
	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	
	Actividade Extraescolar-Mouxion (de pago)	Actividade Extraescolar-Mouxion (de pago)	Actividade Extraescolar-Mouxion (de pago)	Actividade Extraescolar-Mouxion (de pago)	Actividade Extraescolar-Mouxion (de pago)
16:15 17:15	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Obradoiro Infantil	Actividades Lúdicas Espazo de lecer
	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	Obradoiro 1º,2º	
	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	Obradoiro 3º,4º	
	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	Obradoiro 5º,6º	
	Actividade Extraescolar-Mouxion (de pago)	Actividade Extraescolar-Mouxion (de pago)	Actividade Extraescolar-Mouxion (de pago)	Actividade Extraescolar-Mouxion (de pago)	Actividade Extraescolar-Mouxion (de pago)
17:15 18:15	Chiquihora (de pago)	Chiquihora (de pago)	Chiquihora (de pago)	Chiquihora (de pago)	Chiquihora (de pago)